



## RSS da Rede de detección de raios

O documento que se presenta a continuación contén a descrición das etiquetas incluídas no arquivo en formato RSS da Rede de detección de raios.

Convén ter en conta que a información relacionada coa estrutura do ficheiro RSS presentárase en *cursiva*.

A información está contida nas dúas etiquetas ou tags principais `<rss><channel>...</channel></rss>`.

Na descrición do resto das etiquetas distinguiremos dous bloques: as etiquetas propias do formato RSS e as que se deberán ter en conta para descargar a información en formato XML.

### Parámetros que acepta o RSS

A este RSS pódenselle pasar dous parámetros:

- Para a **data** hai dúas posibilidades:
  1. podemos especificar una data concreta: o parámetro é *data* e debe ir seguido dunha data en formato dd/MM/yyyy
  2. podemos especificar un rango de datas: os parámetros son *dataIni* e *dataFin* e deben ir seguidos dunha data en formato dd/MM/yyyy. Donde *dataFin* debe ser maior que *dataIni* e como moito amosaranse 7 días.
- Para o **idioma**: o parámetro é *request\_locale* e pode ter os seguintes valores:
  - request\_locale=es* → para o castelán.
  - request\_locale=gl* → para o galego.

**\*Nota:** Se non se lle pasa ningún parámetro, mostrarase a información para o día actual.

### Exemplos:

- Descarga de raios para o día 5 de Decembro de 2011:  
[http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/rssRaios.action?request\\_locale=gl&data=5/12/2011](http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/rssRaios.action?request_locale=gl&data=5/12/2011)
- Descarga de raios entre o día 5 e 9 de Decembro de 2011:  
[http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/rssRaios.action?request\\_locale=gl&dataIni=5/12/2011&dataFin=9/12/2011](http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/rssRaios.action?request_locale=gl&dataIni=5/12/2011&dataFin=9/12/2011)

### Etiquetas propias do RSS

*title*: Título do RSS.

*link*: Ligazón á páxina web de MeteoGalicia que mostra a información da Rede de detección de raios.

*description*: Descrición do contido do RSS.

*item*: Cada grupo de etiquetas contidas entre as etiquetas `<item>...</item>` constitúe o bloque de información para un día concreto. O significado de cada unha desas etiquetas é o seguinte:

*title*: Data da descarga de raios.

*link*: Ligazón á páxina web de MeteoGalicia que mostra a información da Rede de detección de raios.

*description*: Contén unha descrición co número total de raios.

*pubDate*: Data da publicación.

*guid*: Ligazón á páxina web de MeteoGalicia que mostra a información da Rede de detección de raios.

*dc:date*: Data da publicación.

### Etiquetas con información da Rede de detección de raios.

Están contidas na etiqueta `<item>...</item>` e son as seguintes:

*Raios:data*: Data (en formato dd/MM/yyyy) para a que se mostra a información.

*Raios:total*: Número total de descargas para o día indicado.

Para cada unha das descargas ou raios existe unha etiqueta *Raios:Raio*. Cada unha delas ten os seguintes atributos:

*id*: Identificador numérico do raio.

*horaUTC*: Hora UTC á que se rexistrou a descarga.

*lat*: Coordenada da latitude da descarga.

*lon*: Coordenada da lonxitude da descarga.

*peakCurrent*: Valor máis alto alcanzado pola corrente de descarga. Se é positivo indica "raio positivo" e se toma un valor negativo "raio negativo". Con este valor pódese calcular a caída de voltaxe ao pasar a corrente a través dun obxecto en terra e con iso estimar o valor da protección.

### Exemplo dun bloque representativo

```
<item>

  <title>mércores 07 de decembro</title>
  <link>http://www.meteogalicia.es/observacion/raios/raios.action?
request_locale=gl</link>
  <description>N&deg; total de raios =3</description>
  <pubDate>Tue, 06 Dec 2011 23:00:00 GMT</pubDate>

  <guid>http://www.meteogalicia.es/observacion/raios/raios.action?
request_locale=gl</guid>
  <dc:date>2011-12-06T23:00:00Z</dc:date>
  <Raios:data formato="dd/MM/yyyy">07/12/2011</Raios:data>
  <Raios:total>3</Raios:total>
  <Raios:raio id="0" horaUTC="06:41:08" lat="44.8853" lon="-7.5785"
peakCurrent="28" />
  <Raios:raio id="1" horaUTC="10:23:46" lat="42.1483" lon="-6.431"
peakCurrent="-13" />
  <Raios:raio id="2" horaUTC="13:49:21" lat="45.119" lon="-7.4799"
peakCurrent="-30" />

</item>
```